

CONVENIO URBANÍSTICO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE LUGO PARA A RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PAZO DE DONA URRACA E MELLORA DA ORDENACIÓN DA UI-8

Santiago de Compostela na data de sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en virtude da atribucións que lle confire o Decreto 112/2020, do 6 de setembro, do seu nomeamento (DOG nº 181, do 7 de setembro), na súa calidade de presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS), segundo o artigo 4 do Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS (DOG nº 147, do 5 de agosto).

Doutra parte, Lara Méndez López, alcaldesa-presidenta do Concello de Lugo, en nome e representación do dito concello, e segundo as funcións atribuídas no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 24 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e no artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xuño, de administración local de Galicia.

Ambas as dúas partes, na representación que desempeñan,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o día 23 de novembro do ano 2020, Ángeles Vázquez Mejuto e Lara Méndez López, en virtude da representación antes citada, asinaron o "Protocolo de actuación entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Lugo para a recuperación e posta en valor do Pazo de Dona Urraca e mellora da ordenación da UI-8" que, segundo se indica na súa cláusula primeira, tiña por obxecto que o IGVS e o Concello de Lugo estableceran un marco xeral de cooperación na busca de solucións para mellorar a ordenación urbanística da devandita UI-8. Para tal efecto, fixéronse como principais obxectivos desa mellora as seguintes actuacións:

- O reforzamento da presenza espacial do Pazo de dona Urraca, cara a acometer a súa posterior rehabilitación.
- O incremento da superficie da praza pública, de tal xeito que se garanta a presenza central do Pazo.





- A preservación dos restos arqueolóxicos existentes no ámbito de actuación.
- O estudo do reaxuste do ámbito territorial da UI-8 que resulte necesario para tal efecto.
- A axilización, tanto da tramitación do planeamento urbanístico necesario, como da xestión e execución das súas determinacións, explorando, para tal efecto, as posibilidades existentes na Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

Coa finalidade de avanzar no cumprimento dos obxectivos expostos, ambas as dúas partes acordan asinar este convenio urbanístico, o cal seguirá a tramitación prevista nos artigos 168 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG), e nos artigos 401 a 403 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu regulamento (en diante, RLSG), todo isto sen prexuízo da aplicación da Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (en diante, LRRRUG), e, en particular, do seu artigo 16, o cal regula a tramitación simplificada das modificacións dos instrumentos de planeamento para actuacións de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas.

O presente convenio rexerese polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO E FINALIDADE

O presente convenio ten por obxecto permitir a modificación urbanística que garanta o desenvolvemento e xestión dos terreos delimitados como UI-8 e a súa contorna, na procura de conseguir unha zona de espazos públicos de calidade que poña en valor o Pazo de Dona Urraca, contribuíndo, dun xeito importante, á dinamización do barrio da Tinería.

A finalidade do convenio é iniciar a tramitación administrativa prevista nos artigos 168 LSG e 401 e seguintes do RLSG para os convenios urbanísticos de planeamento e de execución, que permita acadar o obxecto antes indicado.

SEGUNDA.- OBRIGAS DO IGVS

En virtude do presente convenio, o IGVS asume as seguintes obrigas:





- Redactar e presentar no Concello, para os efectos da súa tramitación, un proxecto de modificación da ordenación urbanística na que se inclúan os terreos e inmobles precisos para garantir a rexeneración completa do ámbito da UI-8.

O novo ámbito da unidade de actuación será o recollido no plano que figura na proposta de delimitación e ordenación da UI-8 que se xunta a este convenio, sen prexuízo de que, no caso de que as partes o consideren conveniente, durante a redacción da correspondente modificación se altere dita delimitación.

- Aceptar, en canto propietario da totalidade dos terreos que actualmente constitúen o ámbito da UI-8, a posible redución da edificabilidade que lle corresponde actualmente aos terreos da súa propiedade, co obxectivo de incrementar a superficie dos espazos públicos e garantir a preeminencia da presenza do Pazo de Dona Urraca no ámbito rexenerado.

- Redactar e presentar no Concello, para os efectos da súa tramitación, o correspondente proxecto de urbanización.

- Solicitar as correspondentes licenzas dos proxectos das obras de demolición, rehabilitación e nova construción das edificacións incluídas no ámbito.

- Executar as obras de urbanización da totalidade do ámbito, así como as obras de demolición, rehabilitación e nova construción das edificacións que prevexa a nova ordenación.

- Executar, previa obtención das autorizacións pertinentes, a escavación arqueolóxica da totalidade do ámbito que actualmente constitúe a UI-8, de xeito que se inclúan, marxes de seguridade e espazos non intervídos ata o de agora, así como dos novos terreos e inmobles que se inclúan no reaxuste do dito ámbito

Neste senso, unha vez completada a escavación arqueolóxica e se teña unha documentación máis completa e exhaustiva dos restos arqueolóxicos existentes e da súa importancia, así como da súa monumentalidade, estarase ao disposto nas determinacións que no procedemento administrativo que se tramite estableza a Consellería competente en materia de Cultura.

- Ceder ao Concello de Lugo os terreos destinados a vieiros e espazos libres previstos, así como as obras de urbanización, unha vez executadas.

- Entregar ao Concello de Lugo, en baixos comerciais, unha superficie equivalente ao 10% da edificabilidade de uso residencial materializada no ámbito, en





compensación, tanto do investimento que debe asumir a dita administración local para adquirir os terreos e edificacións que figuran na proposta de delimitación e ordenación da UI-8 que se xunta a este convenio, como da edificabilidade á que teña dereito por tratarse dunha actuación en solo urbano non consolidado.

TERCEIRA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE LUGO

En virtude do presente convenio, o Concello de Lugo asume as seguintes obrigas:

- Tramitar os documentos urbanísticos precisos para facer viable a actuación e o proxecto de urbanización do ámbito, así como tramitar e conceder as licenzas de edificación e axilizar, en todo o posible, os prazos de tramitación. Para estes efectos, salvo causa xustificada que o impida, utilizarase o procedemento previsto no artigo 16 e seguintes da LRRRUG.

- Adquirir os terreos e edificacións sinalados no plano que figura na proposta de delimitación e ordenación da UI-8 que se xunta a este convenio, e que actualmente non están incluídos no ámbito do PERI da UI-8 e cedelos ao IGVS, libres de cargas e gravames, para que poida desenvolver a actuación prevista na modificación da ordenación urbanística do ámbito.

CUARTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Coa finalidade de garantir a consecución do obxecto descrito e de asegurar unha coordinación efectiva entre as partes, constituirase unha comisión de seguimento, integrada por un representante de cada unha das partes asinantes, que se encargará da adecuada coordinación, seguimento, avaliación e cumprimento do presente convenio, así como de resolver as controversias que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio.

Esta comisión reunirse a petición de calquera das partes e, polo menos, tres veces ao ano. Ante unha petición de reunión por escrito dunha das dúas partes, esta deberá producirse nun prazo non superior a 15 días naturais.

QUINTA.- ENTRADA EN VIGOR E VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio entrará en vigor no momento no que se completen todos os trámites exixidos legalmente para tal efecto polos artigos 168 da LSG e 401 a 403 do RLSG.

O presente convenio terá vixencia durante o prazo de catro anos, contados dende a súa entrada en vigor. En calquera momento, antes da finalización dese prazo, as





partes poderán acordar unánimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.

SEXTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

O convenio resolverase polas seguintes causas:

- O acordo unánime das partes asinantes, manifestado por escrito.
- A imposibilidade legal ou material de executar o obxecto do convenio.
- O incumprimento das obrigas asumidas por parte dalgún dos asinantes.

SÉTIMA.- RÉXIME XURÍDICO.

O convenio réxese polo disposto nos artigos 165 e seguintes da LSG e nos artigos 398 e seguintes do RLSG.

De conformidade co disposto no artigo 165.5 da LSG, ten carácter administrativo e as controversias que puidesen xurdir no relativo á súa formalización, cumprimento, interpretación, efectos e extinción serán resoltas pola xurisdición contencioso administrativa.

OITAVA.- PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co establecido no artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, e no artigo 29 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, acceso á información e bo goberno, os asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no presente acordo e demais especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As partes comprométense a tratar os datos persoais que foran postos no seu coñecemento, unicamente coa finalidade e alcance de executar o establecido no presente convenio, respectando os requisitos establecidos no Regulamento (UE) 2016/679 do parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e na súa normativa de desenvolvemento.





En sinal de conformidade coas cláusulas do presente convenio, ambas as dúas comparecentes asinan por duplicado, no lugar e data indicados.

Polo IGVS

Polo Concello de Lugo

ÁNGELES VÁZQUEZ MEJUTO

LARA MÉNDEZ LÓPEZ

